

No seu libro, *The Children's Machine*, Papert escribe sobre os obstáculos que o colexio presenta aos cambios no ensino e na promoción do pensamento e da aprendizaxe. Parece ser que persiste un pensamento que perpetua a idea de como o colexio debe ser. Así mesmo clasifica aos educadores en *Schoolers* (colexiais) e *Yearners* (ansiadores).

*Schoolers* continúan polo camiño que o colexio sempre seguiu, mentres que os *Yearners* buscan cambiar a educación. *Schoolers* bloquean as reformas na educación debido ás súas crenzas educativas.

(Benson, 1995) abre o seu libro cunha parábola que claramente presenta o seu punto de vista a achega do cambio no colexio:

"Imaxina un grupo de viaxeiros no tempo dun século anterior; entre eles un grupo de cirurxiáns e outro de mestres, cada un ansío de coñecer como cambiou a súa profesión no futuro.

Imaxina o asombro / desconcerto dos cirurxiáns a atoparse na sala de operacións dun hospital moderno. A pesar de que entenderían que se realizaba algún tipo de operación e incluso poderían adiviñar en que órgano se traballaba en todo caso serían incapaces de entender que dispositivos empregaba o equipo médico, os rituais de antisepsia e anestesia, toda a electrónica ruidosa e ata as luces brillantes, que hoxe son tan coñecidos para público da televisión.

A resposta dos mestres viaxeiros no tempo sería moi distinta nunha aula moderna de primaria. Poderían estar asombrados por algúns dos obxectos estraños do aula. Ata poderían notar as diferenzas nas estratexias básicas - e seguramente discutirían entre eles se os cambios son para mellor ou para peor - Pero entenderían o obxectivo que se buscaba conseguir e poderían facilmente asumir a tarefa da clase."

N.T. : E si foran de Matemáticas collerían o xiz encaráría o encerado e seguirían coma o último día de clase.